



Premio Cogave
para o Centro
Médico
El Carmen



Páxina VII

Monforte con
Eduardo
Iglesias ante
o seu reto do
Dakar



Páxina X

Sargadelos
presentou Auga
de perfume
Brêtema



Páxina XI

Mesón de
Alberto,
Premio
Nacional
de Hostalería



Páxina XII

Rodolfo Prada
reposa no
cemiterio de
Casdavil



Páxina XVII

Os veciños de
Allariz terán
desconto no
hotel spa



Páxina XIX



Ponte de Lima potencia os recursos endóxeos cunha campaña ata abril

Páxina VIII



VIÑA do
CAMPO



www.bodegasdocampo.com


Ribeiro

Tlf. 988 470 258
Sampaio
Ribadavia
Ourense

Opinión

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

Acaparamento de terras

Ésa é a palabra, a expresión capaz de transmitir a nova política das grandes empresas e monstros mundiais das multinacionais. Confabúlanse para sacar beneficio a custo de nada e de calquera cousa, por exemplo a nosa saúde. Son empresas de moi lonxe, mesmo cambian de dono e baleiran de contidos a beleza da natureza, especuladoras que agora mercan directamente as terras abandonadas do noso rural para facer nelas as maiores vexames e atropelos. Causan, tamén, perda de propiedade no abandono das terras, da plantación masiva do que sexa rendible, perda de poder sobre de nós. É o asoballamento en forma de conciliábulo para destruír e destruírnos. Si, primeiro mercan a baixo prezo e despois fan barreiras – de extracción- e minas que co tempo quedan a ceo aberto e de cal-

quera xeito. Si, mercan ou pagan miserias e despois deixan residuos tóxicos que conteñen todos os metais pesados imaxinables, lodos das filtracións nas súas propias empresas ou nas grandes urbes. A palabra é acaparamento, invasión. Rouban a nosa saúde en forma de “lodos” enfermizos, que ninguén quere e dificilmente degradables durante as nosas contaminadas vidas. Son danos que se acumulan, producidos por empresas que lavan directamente e evacúan as augas das súas fábricas, os ácidos que empregan para o que lles interesa e o que non, vai polo río ou queda enterrado onde ninguén vexa. A palabra segue a ser acaparamento de terras, de aire, de auga. Empresas que planifican desde miles de quilómetros e que deseñan o noso ruín porvir. Poñen algunhas comarcas de Galiza no tiro das

súas ousadías. É un tipo de abuso no que as nosas autoridades deberan mediar, para defender á xente. Agora están de moda os eólicos, que por certo é unha enerxía limpa e moi axeitada. Sempre e cando se faga e poñan en condición de repercutirnos beneficios. Non se trata, en ningún caso, de poñerlos polo camiño máis curto nin polo medio das casas, da xente, dos pobos, das aldeas, das pequenas parroquias. Son grandes xigantes de 204 metros de alto. E así degradan a paisaxe, causando problemas para a saúde e de calquera outro tipo. Tampouco deben dar unha perda importante e inmediata no valor das propiedades por eles afectadas. Teñen que trazar liñas de evacuación que non poden poñer en perigo a saúde cos campos magnéticos, nin aquelas funcionalidades primarias das que o común da xente vive, agricultura, ordenación forestal e gandería. Non deben destruír emprego. As explota-

cións ecolóxicas, cara a onde camiña o noso agro, quedarán arredadas por ser un solo industrial non agrícola. Con todos os inconvenientes que iso nos fai asumir. Os ecosistemas e a biodiversidade quedarán tocados pola exposición desta tecnoloxía que non mira por nós. Xa non vou mencionar as minas, que de abondo dano fan e fixeron (polo visto seguirán a facer, segundo as perspectivas da Xunta), incorrendo novamente no delito medioambiental máis profundo que xunto cos “lodos” e eucaliptos, cando masivamente se plantan, e co beneplácito das “incompetencias” que, para variar, obvian cegamente as necesidades do rural de Galiza. Cando teremos ira! Só queremos auga, aire e terra limpas. Entenderán?



Sabor de eleccións

Cuarto vez dunhas eleccións seguidas. O reto seica era recuperar gobernabilidade, e non foi. Que pensaban? Somos algo así como ingobernables, temos no noso adeene un pouso importante de anarquía, que é rebelde. Aquilo de antes, foi unha oportunidade perdida. Agora as cousas peor para aquilo de confabularse, de facer unha fronte común e establecer un certo diálogo para lindar os problemas. Puideron dar un paso decisivo e firme, pero non o fixeron no seu momento preciso e agora temos o que vemos, e dentro do que non vemos case é mellor non mirar. Está de moda a nostalxia do pasado que pon orde coa forza e a senrazón, daquel pasado cargado de autoritarismos, romper as lixeiras autonomías, acrecentar odios, sacar dereitos, etc. Por riba, non

o saben, a xente nova xa non cre nos falsos liberadores. Escapan as oportunidades do sentido común, aquel que sabe que debemos volver ás liberdades e convocar a nosa enriquecedora diversidade. O temor a un novo devalo económico, obriga a garantir con firmeza chamando a capítulo aos máis ricos, para manter ese capítulo de amparo social que free, ao mesmo tempo, aos aqueles que pensan que hai que actuar con man dura e ameaza. Non abonda deixarse ir na inercia, cómpre a vontade de acadar metas, de chegar máis adiante, de que a democracia e a liberdade se sintan resolvendo os problemas de entendemento e de emerxencia, de convivencia.

As votacións tamén fatigan, pero xa feitas tense que notar que reconducen a razón e deixan en evidencia aos que

abondan na disgregación, aos que dan cancha ás armas e ao terror, ao fanatismo que vulnera os esteos democráticos, roubando dereitos, desequilibrando a igualdade da muller, confeccionando unha sociedade de ricos que dan as sobras aos pobres escravos da súa idea de predominio e concesión. Non, iso pasou hai moito tempo. Agora hai que afirmar a opción que garanta seguir na evolución e o sosego, a equidade e a esperanza. Cómpre redistribuír as riquezas para que non sexan só duns cantos e se pensen donos do mundo. Cómpre reconducir os erros e deixar de atomizar as nosas forzas en loitas sen futuro, ben sabemos que se nos dividen, réstannos poder e forza. Non podemos deixar que o fascismo aniquile as pensións e autonomías, que entren como demócratas que dinamitando calquera democracia, que volvan erguer fronteiras sociais e físicas de dor e incompreensión,

que devolvan inmigrantes, que non crean no cambio climático nin na violencia de xénero machista. Non podemos volver ao de sempre e retroceder no tempo a tantas bágoas e esforzos. O certo é que todo isto víase vir, que lles deron alentos, pero nunca deste xeito tan enfurecido e urxente. Semella andamos nunha tolemia colectiva en EEUU, en Italia, por todas partes erguen como herbas da fame e, agora, chegan aquí á marxe do establecido. Hai fórmulas para pararlles os pés, para recuperar a cordura, para demostrar unha vez máis que a razón pode máis que a forza, que as palabras vences ás espadas. Seremos capaces? Serán capaces estes novos representantes que, por certo, falan tan ben amosando tantas carencias? Cómpre o diálogo para lindar os problemas e chegar a acordos, sen divisións contra o feroz inimigo que coidabamos morto ou desaparecido.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2019



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Manuel Blanco Villar

Creando escola

Difícil de superar van a ser a xornadas arqueolóxicas celebradas no salón de actos do Museo Casa do Patrón de Lalín, abarrotado de público, os pasados días 16 e 17 de novembro. Impartíronse unha dúzia de conferencias por figuras de primeira liña da arqueoloxía galega, asturiana e portuguesa, presentación de 14 pósters de arqueólogos noveles, complementadas con visitas á sala de arqueoloxía do propio Museo. Aquí albergase a totalidade dos restos arqueolóxicos mobles do Castro de Doade, á Castro-Deza en Lalín e ao propio recinto da aurela do Castro, para comprobar “in situ” as estruturas

habitationais e arqueolóxicas descubertas ata o momento.

No escenario deste pioneiro evento nunha aldea galega, tivo lugar a presentación do libro científico titulado “O castro de Doade, unha fortificación da Idade de Ferro no corazón do Deza” editado, maquetado e impreso por Orixe Publicidade e a Formiga Rabicha. O texto inclúe dous retratos realizados polo recoñecido pintor ourensá Miguel Ángel Martínez Coello, que honran a memoria do doutor Caamaño Gesto, falecido recentemente e o impulsor Manuel Blanco Villar director do Museo Casa do Patrón os dous pioneiros nesta aventura.

O libro de 200 páxinas, ilustrado

con numerosas fotos, gravados e fotogrametrías, escrito por 13 arqueólogos e profesores da USC, que saca á luz a enorme importancia dos traballos e achados realizados neste xacemento ao longo dos últimos 5 anos, dun xeito técnico e profesional, pero tamén ameno e alcanzable a tódolos públicos, que contribuirá dun xeito decisivo a súa difusión no mundo da arqueoloxía, no ámbito autonómico, nacional e mesmo internacional.

Tamen tivo lugar unha pequena homenaxe in memoriam ao doutor Caamaño, a persoa responsable, xunto con Manuel Blanco, de que todo isto acontecera, no que se procedeu á entrega dun retrato pintado por Martínez Coello ao seu fillo Gonzalo replica do que figura no libro. Puxo a nota emotiva a este congreso, no que tódolos parti-

cipantes glosaron a súa colosal talla profesional e humana, así como a súa fundamental e altruísta contribución ás campañas realizadas no Castro.

Mención aparte merece Vanesa Trevín Pita, coordinadora da xuntanza e do libro, así como á totalidade dos participantes e asistentes a estas xornadas castrexas de Doade, en especial aos que fixeron o gran esforzo de participar, desprazándose dende fora da nosa Comunidade, dun xeito altruísta e desinteresado, que acredita o seu amor cara a arqueoloxía.

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia participou co mecenado da obra presentada, sen o cal resultaría imposible a súa publicación, así como a colaboración da Deputación de Pontevedra e do Concello de Lalín na celebración deste congreso.

Por Nemésio Barxa

Paranoia

Não contrataria a Pedro Sánchez como augure, profeta nem vaticinador; o futuro para ele é matéria desconhecida e inescrutável; posto a reconhecê-lo algum valor pensava que podia ser hábil negociador, virtude que deveria esgrimir agora depois do rotundo fracasso na possibilidade de formar governo na falida legislatura anterior e depois do fiasco na repetição de eleições. Foi capaz de dizer não so “onde dixes digo digo” senão incluso “onde dixes digo digo, p.ex. Antônio” e abraçar sem reparos nem explicações a lógica aliança com UP, que anteriormente rejeitara, e sem que conheçamos que agora use hipnóticos para dormir.

Mas resulta imprescindível a colaboración, aínda passiva, dos partidos nacionalistas, incluídos, ou sobre todo, os de Catalunya e muito designadamente o de ERC. Se fazemos um pequeno repasso de todos os acordos tomados polo único ou conjunto poder existente neste sorprendente reino borbónico (legislativo-executivo-judicial) não sairemos do pasmo de ver todas as provocacións de esse poder único, englobado no Governo detentado polo PSOE, fronte aos anseios e propostas catalanas. Mas a gota que reborda o vaso penso que chegou o día 27, na Mesa do Congreso, e que me fai pensar que pode ser o

principio de outro caminho no mundo das alianças do Psoe ou, polo menos, que o tema da negociação para novo governo começa com mau pé ou que vai com o passo cambiado; já tampouco me parece nada de hábil negociador, ou negado ou prepotente. O Psoe aprova a censura digital e tem como aliados, que votam com ele e facilitam a aprovação, ao PP e Cs; e um vergonhento UP que não se atreve a plantar cara e que, para escenificar a continuidade da aliança, abstém-se. Este decreto contra a “república digital” é uma pedra no caminho da coalizão e diálogo em Catalunya. Este Decreto, entre outras medidas, permitirá ao Ministério de Economía intervir webs por motivos de seguridade sem ordem judicial, intervención digital ao amparo do artigo 155 CE e obrigar ás webs do Estado a estar registadas necessariamente em Espanha, impossibilitando-as do seu registo em paraísos digitais. O governo do Psoe, incapaz ou desinteressado até agora de derrogar a “lei mordaza”, impõe outra lei mordaza, agora a lei mordaza

digital, como foi já qualificada por ERC. Todo no inicio das negociações Psoe/ERC no Congresso; JxCat já também advertiu que “o decreto digital não lhe vai sair grátis”, perguntando Josep Puigneró a UP “se é este o governo progressista que querem”.

Não parece que a resposta de Nadia Calviño a Irene Montero, que advertia de possíveis vulnerações de direitos, de que “agardava desenvolver o marco normativo digital na própria legislatura e possível inclusão de algumas alterações” seja suficientemente tranquilizador.

Em qualquer caso o Psoe coloca uma pedra de grande tamanho no caminho da investidura, suspeitosamente com a colaboração necessária do PP e do Cs, que são os adversários ideológicos... ou polo menos isso era o que pensávamos. Ada Colau em twitter expressa que “isto é um grave ataque aos direitos

e liberdades fundamentais, não o podemos permitir! Há que freá-lo em internet, nos tribunais e nas urnas

o próximo 10N” e CripticaOrg. em “elpais.com” dí que “estivemos analisando este Decreto Lei (tramitado pola via de urgência) e não podemos chegar a uma conclusão diferente a: Acabam de aprovar a “PATRIOT Act” espanhola. Abrimos fio para explicar as implicações de este “Estado de exceção digital”. Já tampouco me parece Pedro Sánchez tão hábil negociador, mais bem empezo a pensar se terã razão os que o alucam de trileros.

O centralismo é o centralismo que reforça o espanholismo. Basta com escoitar em dias passados ao ínclito Garçon, EU, desqualificando aos nacionalismos periféricos, que obtivo já cumprida resposta por parte de Ana Pontón (sempre atenta e rápida). Essa gente de UP/EU som os aliados dos nacionalistas que no seu dia se escindirom do BNG; teriam que revissar a conveniência de certas alianças.

Meu Deus, que medo do que pode vir, tanto de chegar a acordos para formar novo governo como de vernos abocados a novas eleições. Nenhuma esperança.

Quinta do limoeiro, novembro de 2.019..



Opinión

Por José Paz Rodríguez ■ (Professor aposentado da Universidade de Vigo, académico da AGLP e presidente da ASPGP)

Rodríguez Lapa na revista Nós

O próximo 30 de outubro de 2020 celébrase o centenario da creación da revista Nós, nascida en Ourense polos esforzos culturais de Lousada Diéguez, Risco, Otero Pedraio, Cuevilhas, Arturo Nogueira e Castelão, entre outros. Non hai moito tempo encontrei por acaso na revista Nós, cando estaba á procura de outras informacións relacionadas con Robinson Tagore e Vicente Risco, que foi o seu descubridor en 1912, interesantes datos relacionados con Manuel Rodríguez Lapa, natural de Anadia-Porto, que era un grande amante da Nossa Terra.

Consultando o nº 115 da Nós, de 25 de Julio de 1933 (Dia da Galiza), para comprobar como Risco no seu artigo "Nós os inadaptados", comentaba que un dos seus autores de lectura preferida era Tagore (ademais de outros europeos), encontrei, dentro da sección tamén escrita por Risco, "Os homes, os feitos, as verbas", unha importante resenha sobre un artigo de Manuel Rodríguez Lapa publicado na revista **Seara Nova** de Lisboa, que já en 1933 apoiava decidida e acertadamente que era moito importante o ensino da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos. No mesmo número da Nós colaboran con seus poemas Carvalho Calero, Bouça Brei e M. Luis Acunha, e con artigos moito interesantes, ade-

mais de Risco, Otero Pedraio, Joaquim Lourenço e L. Farinha.

Sob a epígrafe de Revistas: "A política do Idioma e as Universidades", aparece un longo comentario de Vicente Risco, que non tem desperdicio, e vem moito a conto nesta altura em que estamos, polo desgracado descenso de uso do galego na nosa comunidade autónoma, debido á infame política lingüística desenvolvida desde os anos oitenta, sobre un artigo escrito por Manuel Rodríguez Lapa, o grande galego de Portugal, na revista Seara Nova. Como me parece enormemente interesante, deixo que falem Risco e Lapa. Escreve Risco: "A política do Idioma e as Universidades é o título de una conferencia do ilustre doutor Rodríguez Lapa, que publica Seara Nova no seu nº 341. Muitas vezes temo-nos sentido con desejo de perguntar. Que é o que faz Portugal pola valoración internacional da súa lingua? Eis un problema que interessa igualmente a galegos e portugueses. Um espalhamento, erguemento e categorización, mesmo imperialismo da nosa lingua, é cousa que podem fazer os portugueses que a têm como oficial, que devem contar a prol dela con todas as forzas dum goberno independente, de una cultura organizada a base dela, dum mundo colonial espalhado por África, Ásia e América. É cousa que non podemos fazer nós, reducidos a termos que de-

fender a nosa lingua adentro da nosa casa. O Dr. Rodríguez Lapa decatou-se da necesidade de fazer algo pola lingua portuguesa. A seguir Risco cede a palabra a Lapa, escolhendo alguns dos treitos mais interesantes do artigo que comenta. Rodríguez Lapa diz: "...um momento houve em que o instrumento dessa cultura estava tão acreditado e tão primorosamente afinado, que por toda a His-



pânia, excepción feita duma pequena faixa a nordeste, onde hoje é a Catalunha, toda a gente entendia em galego-português... Esta supremacia lingüística decaiu, atropelada pelo nacionalismo castelano, no século XV; mas já então este pequeno povo começava a cogitar outros dominios e aventuras. E para além dos mares levou o que de melhor possuía: a súa lingua... Um dia, que non virá talvez longe, o comprendemos. Numa Espanha federada – para lá

caminhamos ao que parece – o grupo galego-português con cerca de nove millóns de falantes podería ter una indiscutível supremacia...".

Vicente Risco termina o seu comentario sobre o artigo analisando as diferentes propostas feitas por Lapa e diz: "Preconiza o Dr. Rodríguez Lapa varios medios de investigación (Diccionario de português antigo, organización dos estudos de fonética, Atlas lingüístico, etc.); de defensa (elevar a cultura do povo), e de expansión, que são os que mais nos interessam arestora. Repara para isto no Brasil e na Galiza. Propõe a creación dum Centro de Estudos Portugueses na Universidade de Compostela, con cursos permanentes e pagado por Portugal; a de agregações de português nas universidades francesas, e mais de cursos de férias para estrangeiros em Sintra. Nós, que de cote se tem preocupado pola colaboración espiritual de portugueses e galegos, non pode por menos de acolher con entusiasmo as iniciativas do Dr. Rodríguez Lapa, mesmo na ideia que aponta de um Acordo Luso-Galaico para a Reforma Ortográfica, para nós tão indispensável".

Escrito tudo isto em 1933 nas revistas Nós e Seara Nova, assombra, nada mais e nada menos que quase cem anos depois, comprobar a atualidade que têm estas palabras. E também o quanto tempo levamos perdido na Nossa Terra em tema tão importante como o do nosso idioma, mais importante que o Pórtico da Glória em palabras também do grande Castelão.

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Galeguízase "Rodríguez López Auto"

No Polígono Industrial de San Cibrao (Ourense) están as naves industriais de Rodríguez López Auto, unha empresa dedicada inicialmente á fabricación de carrocerías para toda clase de vehículos que ten as súas orixes na década dos anos oitenta. Tempo despois, especializaríanse na fabricación de vehículos de transporte sanitario, tendo hoxe o 70% da cota de mercado español. Carrozan tamén vehículos antidisturbios e de transporte especial para o Corpo Nacional de Policía así como ambulancias para as Forzas Armadas.

Tiven o pracer de coñecer a Pepe

Rodríguez, o fundador da empresa, e comprobar que era un home dunhas cualidades excepcionais para os negocios. Adoitaba falar sempre en galego. A súa antropoloxía cultural que adquirira na súa infancia na aldea, da que se sentía orgulloso, seguía a ser unha compoñente esencial da súa personalidade. Lembro gratamente aquela reunión que mantivemos no despacho do Presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, que foi o que nos presentou. Cando lle propuxen incorporarse ao Foro E. Peinador a través dun acto previo de investidura de galeguismo empresarial non o dubidou.

E nese proxecto estabamos cando unha súbita doenza acabou fatidicamente coa súa vida.

O seu fillo José Enrique Rodríguez Jorge, enxeñeiro industrial, cumprimentou o mandado do seu pai de incorporala ao proxecto galeguizador que lle presentamos. De aí que agora estea planificando con entusiasmo o proceso de incorporar a lingua galega naquelas actividades da empresa que non serán poucas, contando colaboración do seu irmán Oscar.

O próximo día 13 de decembro celebraremos con solemnidade a Investidura de Galeguidade Empresarial de Rodríguez López Auto, acto que ao seu fundador teríalle gustado presidir. Paralizarase a actividade fabril para que traballadores

e convidados, entre os que se atoparán un número considerable de empresarios sexan testemuñas dun acto excepcional. Descubrirose

unha placa que deixará constancia do mesmo e agradecemento ao seu fundador; a seguir, nunha nave preparada para a ocasión, presentarase o programa de galeguización que se porá en marcha (sinalética, nóminas, negociación colectiva, contratos de traballo, páxina web...) coa sinatura dun convenio de asistencia lingüística coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. O dúo formado por Emilio Rúa e Rosa Cedrón delearán aos asistentes.



Para ler o resto do artigo visiten a nosa WEB: www.novadoeixatlantico.com.

Por Amador Rego Villar-Amor

Os mortos das cunetas

Todo ser humano sexa quen sexa ten dereito a ter unha digna sepultura, isto é algo innegable. Dise que en España hai todavía moitos mortos nas cunetas, algo que non dubido, pero o que se dubido é que haxa esas enormes cifras e que algúns se atrevan a dicir que é España o país do mundo con máis desaparecidos despois de Cambodha, algo que non estou en absoluto de acordo, pois non é comparable o réxime de POL POT co réxime de Franco, pois o terror sufrido por Cambodha case non se lembra. Tambien antes de nomear a España, hai que citar a China comunista e tamén como non á Rusia Soviética, desde o ano 1917 ata 1953.

No xornal La Región de Ourense,

observo como nas efemérides e feitos do ano 1944, o gobernador civil de entón Antonio Martín Ballesteros, dita un bando no que prohibe naquel xullo de 1944 a exhumación de cadáveres das cunetas por cuestión de sanidade. Como aquí en Ourense non houbo fronte de guerra suponse que eran os mortos que houbo durante os tristes e vergoñosos paseos daquel verán de 1936, e en menor medida os meses seguintes. Isto faime pensar que esta medida gubernativa non creo que fose unha medida unilateral por parte do gobernador, iso faime pensar que ese permiso procedida do goberno central.

Pero é que no mes de setembro pasado aparece un escrito no Faro de

Vigo, facendo eco de como o Concello de Baiona concédennlle unha placa aos mortos da curva dúas nove. Resulta que tamén naquel verán sanguento e anárquico de 1936, estes nove foran asasinados. Pois ben parece ser que a Asociación de Memoria Histórica, foron ao lugar onde estaban nunha fosa común e atópanse que alí non había ninguén. Preguntan ao pobo e os veciños dinlle que xa os seus familiares nos anos 40 e 50, xa os sacaban. Isto faime pensar que en máis lugares de España pasaría o mesmo. Por tanto non hai esas cifras nas cunetas, que din, que as hai. Non o discuto, pero resístome a crer esas grandes cifras que se din, por iso un pouquiño mais de rigor e seriedade.

Isto faime pensar que tanto os de Ourense como de Baiona eses desenterrados fixéronse con autorización; algúns tamén se farían sen ela o que

quere dicir que en máis lugares de España fixéronse. Por iso repito que esas cifras tan altas non existen. Que poida haber xente pois non o dubido, pero repito non esas grandes cifras.

Onde sí hai miles de mortos en fosa común é en Paracuellos onde Santiago Carrillo Solares e a súa secuaz Segundo Portela, levaron a cabo eses crimes onde había mozos de 13-14-15-16-17 anos entre eles. Imaxínome que os seus pais correrían a mesma sorte. Estas familias preferiron deixalos onde están, pois cando se falan dos asasinatos de lado dos nacionais, en maior medida húbonos ao lado republicano, moitos deles sacados das chekas despois de haberlles torturado e roubado.



Por Ramón Coira Luaces

Prisciliano, herexe e mártir

Prisciliano, que chegaría a ser bispo de Ávila, viviu no século IV e crese que procedía dunha familia acomodada, probablemente da Gallaecia. A súa peculiar interpretación do cristianismo foi declarada herética e el e catro dos seus discípulos xulgados, torturados, condenados e decapitados en Tréveris no 385, onde acudiran voluntariamente para defenderen a súa inocencia. O Emperador era Clemente Máximo e o Papa Dámaso negárase previamente a recibir en Roma a Prisciliano. Os restos de Prisciliano xunto cos catro compañeiros de martirio foron levados en secreto a Gallaecia polos seus seguidores, onde se di que foron venerados como mártires polo pobo. Porén que tiña o doutrina de Prisciliano que tanto amolou ás autoridades civís e eclesiásticas? Que predicaban e en que crían @s priscilianistas que tanto triunfaron entre as mulleres e entre as clases populares da Gallaecia? Prisciliano rexeitaba a unión da Igrexa co Estado e a conversión das autoridades relixiosas case en funcionari@s, criticaba a corrupción das xerarquías e o seu paula-

tino enriquecemento. Opoñíase, en fin, ao crecente materialismo da Igrexa e defendía unha volta á auteridade e á pureza inicial do cristianismo. Rexeitaban o dogma da Trindade, comer carne e beber viño. Prisciliano era culto e obrigaba aos seus seguidores ao estudo das escrituras, coñecía e defendía tamén a lectura dos textos apócrifos e cría que o mundo era unha confusa mistura entre o ben e o mal, entre a luz e a escuridade e que podían vir novos profetas. Predicou con éxito a súa visión dos textos sagrados, influído polos seus coñecementos gnósticos e maniqueos, e avogaba por un cristianismo no que primara o ascetismo e a relación directa de cada persoa con Deus. Eran tod@s vexetarian@s, defendían o sacerdocio feminino e condenaban a escravitude, aceptando os escravos como iguais entre os crentes. Sentían tamén a necesidade de estar en contacto coa natureza: augas, árbores e bosques, covas... Non consideraban aos bispos como autoridade, senón como doutores ou mestres e, aínda que recomendaban o celibato, non condenaban o matrimonio d@s relixios@s. O es-

cándalo debía ser maiúsculo fóra da Gallaecia, porque ademais tiñan amuletos, andaban cos pés descalzos, rezaban en covas ou en casas ailladas, cantaban e bailaban nas cerimoniais, participaban nas tradicións populares e ritos contra a seca ou para propiciar boas colleitas, misaban con leite e uvas, practicaban o xexún,... Prisciliano soubo gañar para a súa causa a nobres, algúns bispos e a moitos cregos e tivo un grande éxito entre o pobo; porén desafiaban o poder e foron



acusados de herexía e bruxería, sometidos a tortura e executados e os seus bens particulares confiscados. No entanto o priscilianismo perdurou na Gallaecia douscentos anos máis e xurar por Prisciliano era o xuramento máis

grave que se podía facer. Porén tamén había xente que non era cristiana. E así vemos como en época sueva, Martiño de Dumio conta no edicto Correctione Rusticorum do 574 como se acendían velas xunto a algunhas pedras, árbores, fontes e encrucilladas. Que aínda se rendía culto ás augas, ao lume, aos astros, aos mortos, aos ídolos; practicábase a maxia, facíanse feitiços e adiviñas. Había unha mistura dalgúns compoñentes priscilianistas e moitos precristiáns. Hai tamén quen di que o sepulcro que se atopou en Compostela no século IX era o de Prisciliano e que nesta catedral están os ósos do primeiro herexe executado polo poder civil; o líder espiritual amado polo pobo.

No Crismón de Quiroga, que se cre de inspiración priscilianista, aparece esta curiosa lenda: "O OURO É COUSA VIL PARA TI, NON DIGAMOS XA A PRATA; É MOITO MÁIS O QUE TI BRILLAS POLA TÚA PROPIA FELICIDADE". E remato así estas breves notas sobre unha herexía moi interesante, que lle ofrecía ás mulleres e aos escravos algo irresistíbel: igualdade e fraternidade.



Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Premios para Glabistró

Bianca Coura, chef de gastrobar Glabistró Ourense, participou na preparación do “menú a doce mans” organizado por un restaurante de Doade, en Sober (Lugo) coa súa proposta de carne cachena, que tivo moi boa acollida. Días antes participara tamén na festa da castaña e do cogumelo en Riós (Ourense). No XII concurso de Sabores de Ourense presentou o pincho “A castaña e o seu zurrón” polo que obtivo o segundo premio do xurado profesional. Neste mesmo concurso levou o segundo premio otorgado polo público obtendo 130 puntos polo seu pincho. O pincho esta composta de boletos con espíñas de patacas imitando o zurrón da castaña, con tenreira galega a lume lenta e crema de boletos. Glabistró está ubicado na Praza dos Suaves, no casco vello de Ourense, e xa cumpriu un ano aberto.



Bianca Coura.

Nadal en Novas Conchas



Persoal de Novas Conchas.

Novas Conchas abriu fai un mese na rúa Velázquez do barrio ourensá do Couto. Ofrece menús diarios e de fin de semana. Tamén prepara pratos especiais por encargo para grupos. Xa oferta o menú de

Nadal a base de carne, pescados e mariscos. Abre todos os días e dispón de terraza climatizada no interior. A comida é caseña e a plantilla de persoal está composta por María Carmen, Belén, Oscar e Nerea.

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

Novas Conchas

Comida caseña.
Menú do día.
Xantar por encargo para grupos.
Terraza climatizada para fumadores.

Rúa Velázquez, 17
O COUTO. Ourense
Tfno 627 92 24 76

GLABISTRÓ gastrobar

Praza dos Suaves, 12. Casco Vello. Ourense. 605 03 44 87

Aqui cocíñase con agarimo.
Aqui se cozinha com amor.

Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfno. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe

Premio Cogave para El Carmen

A Confederación Galega de Asociación de Veciños outorgou o premio Cogave ao Centro Médico El Carmen polo seu labor na Escola de Saúde. A proposta da ourensá Federación Limiar, recoñeceuse o traballo que a Escola de Saúde vén realizando desde 2016 na divulgación de hábitos saudables e os últimos avances médicos entre a sociedade ourensá, da man dos profesionais do hospital, en colaboración con entidades sociosanitarias tanto locais como autonómicas e nacionais.



Rodríguez Mouriz recibindo o premio.

O agasallo recolleuno José Carlos Rodríguez Mouriz, director executivo de Centro Médico El Carmen, quen agradeceu a Limiar e a Cogave o premio, así como a todos os ourensáns que apoiaron o proxecto. Xa en 2018 a Escola de Saúde foi recoñecida pola Federación Limiar polo seu traballo realizado en Ourense.

O Samaín en Loiro

A asociación cultural "Loiro na Memoria" organizou o Samaín 2019 nesta localidade do Concello de Barbadás na que o colectivo mantén moita actividade durante o ano. Manuel Fernández Pérez, presidente da agrupación cultural escribe sobre o Samaín.

"O Samaín é unha celebración celta. Neste día, os defuntos terían a autorización para camiñar entre os vivos. Algúns vivos, pensaban que a visita dos defuntos era unha celebración e deixaban o lume aceso toda a noite e ata deixaban unha cadeira baleira con servizo e comida para que os espíritos se achegasen. Outros pensaban que podía ser un perigo e, para protexerse, colocaban caveiras cunha chama prendida en sebo nos muros das casas", explica Fernández.



Unha das imaxes do Samaín en Loiro.

"Do que non cabo dúbida, é de que o lume é un dos protagonistas do Samaín, utilizado para guiar aos espíritos na escuridade. Estas tradicións, teñen a súa continuidade hoxe en día baleirando cabazas de gran tamaño para poñerles unha luz dentro, decorandoas con caras terroríficas. Sen restar o espírito festivo, este é o momento para reivindicar a nosa propiedade cultural e non deixarnos levar pola corrente festiva doutros pobos que adaptaron o Samaín dunha forma máis superficial e carnavalesca", sostén Manuel Fernández.

Castañas no Concello de Ourense

Representantes da empresa ourensá "Posada Marrón Glacé" e dunha industria xaponesa de alimentación, que elabora doces típicos a partir de castaña de Ourense, foron recibidos polo alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome.





Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA




Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89



A GUARDA | 986 61 43 61



VEN...

www.clubtosca.es

Sala de Fiestas Music-Hall



cerramos los domingos

C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99
698 14 82 07

Ponte de Lima potencia os recursos endóxeos cunha campaña ata abril

O Municipio de Ponte de Lima presentou públicamente o proxecto "Em Época Baixa, Ponte de Lima em Alta". Estimular a atractivo e o chamamento ao investimento, motivados pola concepción de dinámicas diversas, é o principal obxectivo do proxecto "En Época Baixa, Ponte de Lima em Alta". "Este proxecto ten probado unha indubidable plus valía, que cruza o campo económico ao social, dinamizando o tecido empresarial do municipio nos seus varios sectores", como sinalou o presidente da Cámara, Víctor Manuel Alves Mendes.

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, participou como convidado especial na presentación da campaña turística "Em época Baixa, Ponte de Lima em Alta" para a tempada 2019/2020. Esta campaña inclúe a organización de 11 eventos desde a primeira fin de semana de decembro ata o último de abril. Son feiras especializadas nas potencialidades do territorio que se celebrarán en distintas fins de semana e que, en pa-

labras do presidente da cámara municipal de Ponte de Lima, Víctor Mendes, "temos a previsión de xerar un retorno directo na nosa economía dun millón e medios de euros e atraer a máis de 200.000 visitantes. Son eventos transversais sobre áreas de desenvolvemento que consideramos prioritarias como a hostalería, a gastronomía e o deporte".

Cooperación

Dado o estreito nivel de cooperación entre Expourense e a Cámara Municipal de Ponte de Lima e como xa é costume desde que naceu esta campaña no ano 2012, durante este acto foi presentada a próxima edición de Xantar, que se celebrará entre o 5 e o 9 de febreiro de 2020, e na que Ponte de Lima xa confirmou a súa participación a través dunha caseta promocional e dun día dedicado. A presentación da feira correu a cargo da directora adxunta de Expourense e directora de Xantar, Emma González, quen agradeceu a Ponte de Lima a súa confianza nos eventos organizados por Expourense (acaban de estar a promocionarse como

destino de turismo activo en Sportur Galicia) para atraer visitantes galegos.

A nova campaña turística "Em época baixa, Ponte de Lima em Alta 2019/2020" ten como principal obxectivo desestacionalizar o turismo de proximidade na cidade atraendo turistas desde decembro a abril a través da organización de 11 feiras diferentes que se celebrarán durante as fins de semana. "Serán 11 feiras máis unha, xa que consideramos a Xantar como un evento común", indicou o alcalde. Pola súa banda, o salón internacional promocionárase en todas as accións que a cámara municipal promova relacionada coa gastronomía como son as das delicias de sarrabulho.

"A promoción habitual nos eventos de Expourense deu como resultado a presenza cada vez maior de turistas de Galicia (recoñeceu Víctor Mendes durante a súa intervención na presentación desta campaña) é nosa mellor porta de entrada para o mercado galego, que é o mercado internacional máis próximo a nós".



Presentación da campaña no Centro de Interpretación do Territorio de Ponte de Lima.

Teniendo en cuenta a localización estratéxica de Ponte de Lima, a vila máis antiga de Portugal, situada no epicentro de Porto e Norte de Portugal, é o destino de moitos visitantes que atopan nesta cidade unha ampla oferta turística desde a gastronomía, o viño, o patrimonio histórico e paisaxístico, o deporte, a natureza ecuestre ou o comercio tradicional.

Calendario de eventos

05-08 decembro: VII Festa dá Xente Miúda. 14-24 decembro: Neste Natal Vem Brincar Connosco. 11-12 xaneiro: XIII

Verde Noivos. 31 xaneiro – 02 febreiro: XIII Feira do Porco e as Delicias de Sarrabulho. 15-16 febreiro: V Feira 100% Agrolimiano. 22-23 febreiro: Fim de Semana Gastronómico do Domingo Gordo. 07-08 marzo: Fim de Semana Gastronómico dá Carne Minhota. 12-15 marzo: IV Feira dá Educaçao, Ciéncia e Tecnologia. 28-29 marzo: Fim de Semana Gastronómico do Bacalhau de Cebolada. 18-19 abril: Fim de Semana Gastronómico dá Lampreia. 24-26 abril: VI Expo Saúde/ Juventude.

Vertixe reversible o xardín máis votado en Ponte de Lima

Os visitantes da 15ª edición do Festival Internacional de Ponte de Lima "Xardíns 2019" baixo o tema "Xardíns do Fin do Mundo" votaron abrumadoramente ao Xardín "Vertixe reversible". De autores portugueses, o deseño da idea pertence a dous mozos investigadores, Barcelos natural. Retrata unha "viaxe metafórica ao xuízo final, que no purgatorio enfróntanse á dicotomía resultante da nosa inacción,

cando dous minutos para a medianoite, ou unha catástrofe mundial. Con todo, aínda hai esperanza, se non somos capaces facer caso omiso dos pecados capitais", din os autores. Os xardíns de maior número de votos serán exhibidos na 16ª edición do Festival Internacional de Xardíns de Ponte de Lima, en 2020.

A segunda preferencia do público recaeu en o "Xardín da Amizade" que reflicte un xardín rico en elementos da

cultura oriental con notas da cultura portuguesa. Este xardín está destinado a mellorar as relacións entre Portugal e China, recoñecendo o seu valor histórico e cultural. Dáse un alivio tamén para o valor dos portugueses na navegación por mares descoñecidos e coñecer a outras persoas e tamén para a fusión coas tradicións chinesas. Cada elemento contemplado neste xardín ten un significado histórico e cultural para o macanese, chinés e portugués.



Xardín "Vertixe reversible".

2019/2020

Durante los fines de semana del programa "Em Época Baixa, Ponte de Lima em Alta", todos los viernes y sábados habrá un descuento del 10-15% en hoteles asociados y los restaurantes participantes ofrecen 1 leite-creme por porción, en las comidas de los sábados y domingos promoviendo así el marjar típico de la cocina tradicional Limiana.

Entrada gratuita
Aparcamiento gratuito

VISITE PONTE DE LIMA!

EM ÉPOCA BAIXA PONTE DE LIMA EM ALTA



DICIEMBRE

05-08 DICIEMBRE

VII Festa da Gente Miúda XIII

14-24 DICIEMBRE

Neste Natal Vem Brincar Connosco

ENERO

11-12 ENERO

XIII Verde Noivos

31 ENERO-02 FEBRERO

XIII Feira do Porco e as Delícias do Sarrabulho

FEBRERO

15-16 FEBRERO

V Feira 100% Agrolimiano

22-23 FEBRERO

Fim de Semana Gastronómico do Domingo Gordo

MARZO

07-08 MARZO

Fim de Semana Gastronómico da Carne Minhota

12-15 MARZO

IV Feira da Educação, Ciência e Tecnologia

28-29 MARZO

Fim de Semana Gastronómico do Bacalhau de Cebolada

ABRIL

18-19 ABRIL

Fim de Semana Gastronómico da Lampreia

24-26 ABRIL

VI Expo Saúde/Juventude

www.cm-pontedelima.pt | www.visitepontedelima.pt | [/municipiopontedelima](https://www.facebook.com/municipiopontedelima) | [/visitpontedelima](https://www.facebook.com/visitpontedelima)
terra@cm-pontedelima.pt | (+351) 258 900 400

Monforte con Eduardo Iglesias ante o seu reto do Dakar

O Centro do Viño de Monforte acolleu a presentación oficial do reto ó que se enfrenta o piloto de motos, o monfortino Eduardo Iglesias, que en xaneiro de 2020 participará no rally Dakar, sendo así o primeiro piloto monfortino en facelo. Na presentación, na que estivo acompañado polo alcalde da cidade e presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, non faltaron veciños, amigos, familiares e autoridades que acudiron arroupalo e darlle folgos ante este importante reto, que transcorrerá polos desertos de Arabia Saudí.

O rexedor municipal, ademais de manifestarlle todo o apoio da cidadanía, destacou a axuda económica que tanto dende o Concello como da Deputación se lle proporcionou ó piloto

monfortino, fundamental, en verbas do propio Eduardo Iglesias, para "decirme a dar o paso e anotarme un rally no que dende neno soñei sempre con participar". Deste xeito, Iglesias agradeceu en varias ocasións tanto o apoio institucional, como dos patrocinadores privados cos que conta o seu proxecto, así como, fundamental, de familiares e amigos. 70.000 euros é o orzamento final destinado a culminar este reto.

O alcalde manifestoulle o seu orgullo "por representar por primeira vez a Monforte e á Ribeira Sacra nun evento deportivo que xenera un enorme seguimento e unha repercusión mundial".

O rally máis famoso

Logo de moitas xestións administrativas e de requirimentos técnicos sobre a moto que

finalmente levará ó Dakar, o piloto monfortino xa está inscrito para esta esixente proba, cuxa próxima edición celebrábase en Arabia Saudita do 5 ao 18 de xaneiro de 2020.

Iglesias salientou que correrá co único equipo galego que finalmente se inscribiu na proba, o "Galimplant", no que ademais de coa moto de Iglesias, tamén participará cun boogie conducido por Pedro Burgo e Vallejo.

"Levo dous anos de preparación, pero o Dakar é unha proba á que nunca se vai ao cen por cen. Estar na saída é un gran éxito; o seguinte paso será rematar, con iso me conformo. E o ano que ven xa se verá", indicou o corredor.

Á cita Eduardo Igrexas acude logo de adestrarse intensamente nas áreas de Marrocos, participando en abril na "Mo-



Recepción no Centro do Viño de Monforte.

rocco Desert Challenge" e voltando a adestrarse en novembro. Deste xeito, ten ultimada a que será a súa moto no Dakar, unha KTM 450 rally de 400 CC coa que percorrerá un circuíto de 8.000 quilómetros dividido en 12 etapas (a proba divídese en dúas partes de seis etapas cada unha separadas por un día de descanso),

e que terá lugar no deserto saudí do 5 ó 18 de xaneiro de 2020.

Iglesias correrá co dorsal 154, "o cal espero que me dea moita sorte, porque o 4 é un número que uso moito e o 54 foron os dous últimos números que rematou o Gordo da Lotería do Neno que tocou en Monforte en 2016".

Ribeira Sacra en escultura

O Centro do Viño da Ribeira Sacra acolle unha escultura que recibe o nome de "Mi Ribeira Sacra" da artista arxentina Carolina Porcel. A autora naceu en Pergamino (Argentina). Realizou os seus estudos de Belas Artes na Universidade Nacional do Rosario e logo trasladouse a Andorra onde comezou a traballar co viño. Realizou exposicións en España e en Andorra. Actualmente, tras facer o Camiño de Santiago, tivo a oportunidade de coñecer en profundidade os viños da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Este acontecemento despertou na artista un gran interés en realizar una nova obra con este viño, plasmando o seu cariño a esta terra.

Tratase dunha escultura moi diferente ás que se viron noutras exposicións. No Centro do Viño sosteñen que "é unha peza diferente e tamén única porque está feita con viño da Ribeira Sacra". A artista utiliza o viño como material da escultura para simbolizar a sangue da vida do poder creativo feminino. Pretende representar o néctar que nutre á terra e crea vida seguindo o seu ciclo natural. A utilización do viño convertese no tema principal e na parte máis emblemática da obra, invitando ao espectador a observar o viño dende un novo concepto. A solidificación do viño é unha técnica creada pola artista que leva máis de dez anos investigando e experimentando na súa evo-



Mi Ribeira Sacra, de Carolina Porcel.

lución e proceso.

Ribadeo e Pol dixitalizan o seu patrimonio cultural

A Xunta de Galicia colabora cos concellos de Ribadeo e Pol no desenvolvemento de proxectos de dixitalización do seu patrimonio cultural accesibles en liña, achegando un investimento de case 60.000 euros.

O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución das axudas para a dixitalización, preservación e difusión da cultura galega a través de Galiciana que convoca a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, das que resultaron beneficiarios ambos concellos. En concreto, Ribadeo recibe 17.772 euros e Pol 41.984 euros deste programa, cofinanciado con fondos Feder.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que o obxectivo é universalizar a cul-

tura galega ofrecendo un gran catálogo accesible en liña. Con tal fin, habilítase esta liña de financiamento para que as entidades e organizacións -públicas ou privadas sen ánimo de lucro- que dispoñan de activos do patrimonio cultural transformen eses fondos en recursos dixitais accesibles.

Esta iniciativa está a promover a construción da Memoria Dixital de Galicia como un proxecto colectivo de preservación, valorización e difusión do patrimonio cultural galego. A plataforma é utilizada xa por máis de trinta arquivos de diversa titularidade e arredor dunha vintena de bibliotecas. Os portais dan acceso a documentos escritos e gráficos, prensa histórica, incunables, mapas ou postais, entre outro material.

Sargadelos presentou Auga de perfume Brétema

Sargadelos presentou en sociedade “Auga de Perfume Brétema”. Ao acto acudiron todos os traballadores da planta de produción de Cervo e unha representación dos traballadores da planta que a firma posúe en Castro de Samoedo (Sada), así como clientes e unha nutrida representación do tecido asociativo, empresarial e político da zona.

Na presentación interviñeron Sara Méndez, responsable creativo de Sargadelos, Segis-

mundo García, Administrador Único do Grupo Sargadelos e Rafael Marzán, responsable da cadea de perfumerías Arenal que, ademais de Sargadelos, distribuirá nos seus locais o perfume Brétema.

Na súa quenda de palabra, a responsable creativa de Sargadelos explicou que “Galicia é un país de brétemas, no noso idioma e, son precisamente esas formacións nubradas que aparecen e desaparecen en calquera momento e lugar de maneira inesperada as que regalan

maxia e misterio á nosa terra desde tempos inmemoriais. Interesados sempre en dar a coñecer ao mundo nosas mellores peculiaridades materiais e inmateriais, pretendemos atrapar nun pequeno frasco de porcelana uno dos fenómenos meteorolóxicos máis característicos de Galicia, as brétemas”.

No frasco aparecen gravados os catro elementos da natureza necesarios para que o procedemento cerámico teña lugar: lume, terra, aire e auga e, no interior depositamos un pouco



Rafael Marzán, Sara Méndez e Segismundo García.

da esencia da nosa terra. Isto, unido á nosa historia, dan como resultado un perfume único, inconfundible envasado nun recipiente cerámico excepcional feito a man e pintado no noso característico “azul cobalto”.

Unha vez finalizado o acto de presentación, os asistentes degustaron un viño galego acompañado da actuación do grupo de Jazz de Pablo Sanmamed. A presentación foi na Planta Circular da Fábrica de Sargadelos, en Cervo.

Peza exclusiva de Sargadelos a prol do cancro de mama

Coincidindo co Día Internacional do Cancro de mama, Sargadelos realizou unha peza exclusiva para doar o importe recadado mediante poxa á Asociación Española contra o Cancro.

A peza é unha reinterpretación de Eva, a Muller antropomórfica fileteada, unha figura de catálogo que, nesta ocasión tinguiuse parcialmente de rosa converténdose nunha peza única digna dun coleccionista. A base desta peza leva a inscrición “Peza exclusiva 1/1 – 19/10/2019”.

Despois de varios días de poxa, a través dunha coñecida plataforma a través da web, a peza alcanzou o valor de 911 €, algo que satisfai á dirección de Sargadelos por verse sor-

prendidos de tan grata acollida por parte do público.

O diñeiro recadado doouse á Asociación Española Contra o Cancro. María Luz Abella, presidenta provincial, Ángeles Aciñeiras, tesoureira da asociación e Pilar Busto presidenta do sector sanitario da Aecc en Lugo achegáronse á planta de produción que Sargadelos ten en Cervo para facer acto simbólico da recollida de diñeiro.

En boca da presidenta e en nome da asociación manifestou “estamos sorprendidas pola idea e a actitude cariñosa, respectuosa, sensible, colaboradora da empresa Sargadelos cara ao problema do cancro e concretamente do cancro de mama. Emocíonanos e anima-

nos a seguir traballando por esta causa. Pero non só nos sorprendeu esta decisión senón que estamos enormemente agradecidas por ela e é algo que non esqueceremos. Tamén estamos moi agradecidas a todos os que poxaron e a Marta e á súa irmá que ao final coa súa decisión e a súa insistencia na poxa lograron gañar esta preciosa peza única.

Ao acto tamén estivo presente a veciña de Lugo que comprou esta peza única. Segundo ela mesma manifestou, a causa de fondo que levou a facer a poxa a ela e á súa irmá é dalgunha maneira facer un pequeno tributo á súa nai por todo o que pasou por mor desta enfermidade.

Desde Sargadelos agradecen



Simbólica recollida dos cartos da poxa.

a acollida da iniciativa e poñen de manifesto que non será un acto illado, xa están a pensar en facer algunha outra iniciativa de fronte ao próximo ano para colaborar coa Asociación

Española Contra o Cancro, para así contribuír á investigación dunha enfermidade que, segundo o informe SEOM a data 2017 seguía sendo a segunda causa de morte en España.

Mesón de Alberto, Premio Nacional de Hostalería

O Mesón de Alberto foi galardoado na categoría de empresa hostaleira na décima terceira edición dos Premios Nacionais de Hostalería, que concede a organización empresarial Hostalería de España. Este recoñecemento valora o traballo que realiza a industria hostaleira e a súa contribución ao desenvolvemento económico do país, así como recoñece aquelas iniciativas que son "un claro exemplo e un modelo para seguir para o resto de empresas do ámbito".

A organización destaca a súa localización "nunha típica casa lucense de pedra con decoración clásica en pleno centro histórico da capital. Desde 1975 que abriu as súas portas, coída ao máximo a procedencia dos seus produtos ofrecendo unha exquisita gastronomía na que combina tradición galega e innovación e esmerando



Alberto García con José Orozco e Emma González en Xantar (Expourense).

o servizo para lograr a excelencia. O traballo que realiza Alberto García e o seu equipo, apostando pola tradición e a calidade, logrou fidelizar a unha clientela cada vez máis esixente", engade.

Os galardoados recolleron os seus recoñecementos nun acto que se celebrou en Madrid o 13 de novembro. A gala de entrega foi seguida por un coctel de celebración a cargo de Pedro

Larumbe que serviu como colofón ao recoñecemento do sector aos premiados.

O programa MasterChef, o restaurante Acánthum, cunha estrela Michelin en Huelva; a cociñeira Susi Díaz, tamén cun brillo na Leira (Elxe), e o pai Anxo polos seus restaurantes solidarios son algúns dos 16 gañadores da décima terceira edición dos Premios Nacionais de Hostalería.

A exposición "Entomoloxías" na Casa da Cultura de Monforte

Do 16 de novembro ó 13 de decembro de 2019 e na sala de exposicións da Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro do Concello de Monforte, está aberta unha exposición titulada "Entomoloxías" da chantadina Raquel González Figueiras.

De formación psicopedagoga Raquel González Figueiras, dun xeito ou outro sempre estivo próxima ao feito creativo. A cabalo entre Madrid e Galiza desenvolveu nos últimos anos a súa traxectoria artística. Poesía e pintura foron os comezos que abrían camiños cara a outros formas de expresión.

Escuela Creare, Escuela de arte Kroom, Escuela de

Cerámica La Bisbal, son algúns dos seus referentes de formación. Actualmente segue traballando a escultura cerámica na escola taller do escultor Ernesto Amadeo Schlieper.

A artista chantadina colabora en distintos proxectos de plástica e poesía, o máis recente, aínda e fase construtiva, é o "Proyecto Leitmotiv", coordinado pola coligista Tanja Ulbrich, e conta con textos de poetas sobre collages de artistas que se distribúen entre Madrid e Berlín.

A exposición Entomoloxías consta de 17 pezas entre furnas, cubos e caixas que funcionan como escenarios dun enfrontamento.

Melloras para A Pobra do Brollón

A Xunta de Galicia está a executar obras de acondicionamento e humanización da rúa da Peza, na Pobra de Brollón, co fin de habilitar novos espazos e mellorar as beirarrúas e outras dotacións. O proxecto contempla a renovación total das beirarrúas, corrixindo o trazado actual co obxecto de optimizar e rediseñar os espazos libres. Na confluencia coa rúa do Concello prevese un pavimento a base de adoquín de formigón tipo romano, separando a zona de uso peonil mediante bolardos esféricos de fundición.

Nesta área créase unha pequena praza na que se proxecta un motivo central a base da



A Xunta dotará de servizos a Pobra de Brollón.

recolocación das dúas grandes lousas de pedra do Busto existentes na actualidade na rúa, instalando iluminación, dous bidueiros e mobiliario urbano -tres bancos e unha papeleira. Tamén se crea fronte ao centro de saúde unha pequena zona de espaxamento, proxectando un pavimento diferenciado a

base de lousa de formigón tipo céspede, a plantación de tres bidueiros e a instalación de tres bancos e unha papeleira. A actuación complétase ampliando a toda a rúa puntos de iluminación con sistema LED -similares aos da Avenida de Galicia- para optimizar o seu rendemento enerxético.

Premio para Marina Mayoral



Tosar, Marina, Rodríguez e Manzano.

O conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, fixo entrega do galardón do IX Premio Voz de Liberdade, consistente nunha peza orixinal de Acisclo Manzano, á escritora e profesora mindoniense Marina Mayoral. Fíxoo nun acto celebrado na Biblioteca de Galicia e guiado polo escritor e profesor Xosé Ramón

Pena, que incluíu unha mesa redonda coa premiada e o presidente do Centro PEN Galicia, Luís Gonzalez Tosar. O premio, impulsado por esta asociación cultural coa colaboración da Xunta, recoñece desde 2003 aos autores que ao longo da súa vida teñan sobresaído na defensa da liberdade de expresión e opinión.

Ramón Conde volta a Ourense coa exposición “Soliloquios”

O escultor Ramón Conde volta a Ourense coa exposición “Soliloquios” que poderá visitarse no centro cultural “Marcos Valcárcel” ata o 15 de decembro. O vicepresidente da Deputación de Ourense dixo que “o dramatismo que expresa “Soliloquios” coincide coa obra aquí exposta con figuras tan características do traballo de Ramón Conde, un ourensán que volve a expoñer na súa terra para o goce de tódolos que visiten este centro cultural, comprometido especialmente cos artistas da nosa provincia”.

“Sete anos despois da súa anterior exposición no centro

cultural, retomamos cunha exposición que está practicamente rematada para ser inaugurada mañá venres, ás 20.15 horas, só falta a obra que irá fóra e que será a mellor carta de presentación desta exposición”, explicou o director do centro cultural, quen lembrou que “Soliloquios” poderá visitarse durante os meses de novembro e decembro que son “os de maior afluencia no centro cultural que terá un pulo de asistencia coa súa obra”.

Ramón Conde, quen agradeceu á Deputación de Ourense “poder expoñer aquí porque para min é a sala máis querida de todas nas que expuxen”,

explicou que as súas exposicións son “como un novo capítulo nun libro, porque as novas exposicións desenvolven algún aspecto implícito na anterior mostra, ou aborda algún outro aspecto próximo a ese mesmo tema”.

En canto a súa traxectoria, o escultor ourensán explicou que co paso do tempo é normal “centrarse nuns temas ou nunha forma de ver determinante que é como típica túa. No meu caso, o aspecto da individualidade persoal e as relacións de uns individuos con outros, como se xera o poder ou como unhas persoas dominan a outras, veñen sendo o

leimotiv do tópico meu”.

Normalmente, na súa obra, poden observarse “dúas personaxes emblemáticas: un é o tipo de figuras gordas moi características miñas, e outro máis musculoso que se desenvolve despois pero que é complementario incluso, as veces, parece a mesma personaxe”, sinalou Ramón Conde, quen engadiu que practicamente toda a súa traxectoria está “determinada por estas dúas personaxes que ata certo punto son a mesma. Nun son claramente masculinos e, no outro, roza o tema da ambigüidade, poden ser masculino, feminino ou unha mestura de ambas”.



Obra de Ramón Conde na entrada ao centro cultural.

Na súa obra hai varias referencias históricas ou mitolóxicas como “Pigmalión e Galatea” ou o “Baño de Susana” que se presentan como conxuntos de pezas e non como unha peza individual.

O Auditorio estreou “O meu mundo non é deste reino”, adaptación de Manuel María

Teatro da Ramboia estreou no auditorio municipal “O meu mundo non é deste reino”, adaptación teatral da Farsa de Bululú, de Manuel María. A obra foi a gañadora do I Certame Manuel María de Proxectos Teatrais convocado pola Fundación e Casa-Museo Manuel María, destinado a compañías profesionais galegas que premia a mellor proposta escénica dunha obra de Manuel María. Dirixida por María Peinado e interpretada por Fran Lareu e Anxo García, iniciou en Ourense unha xira que a levará inicialmente a 26 localidades de toda Galicia.

“Trátase dunha parodia da ditadura -a franquista na obra orixinal- que nós extrapolamos a todos os totalitarismos”, sinalou María Peinado. A directora, xunto cos protagonistas presentaron xunto con Mario González, concelleiro de Cul-



Estatua sedente de Manuel María en Monforte de Lemos.

tura, Manuel Freire, técnico da concellería, Alberte Ansede, presidente da Fundación Manuel María e Begoña Blanco, en representación do Concello de Lalín

A historia está protagonizada por dous feirantes que chegan ao que chaman fogar logo dun día de traballo. Son Camilo e Tomás, dous titiriteiros que levan o mesmo espectáculo unha e outra vez polas vilas do país. Carretan ás costas un enorme “tutilimundi”. A dis-

xuntiva de abril convérteo nunha caixa de Pandora latente. Contar e dar vida ao que contén supón a única vía de escape dos totalitarismos que os oprimen. Un xeito de sobrevivir nun reino militarizado sen trazas de lóxica humanística. Nun contexto ao que non pertencen, nun reino que non é do seu mundo.

O obra tamén foi representada a mediados de novembro no edificio multiusos de Monforte de Lemos.

XX Premio Risco de Creación Literaria



Membros do xurado.

A obra co título O anxo de Durero, do autor ferrolán Jorge Llorca é a gañadora da vixésima edición do Premio Risco de Creación Literaria, que convocan o Concello de Ourense e a Fundación Risco. Así o acordou na xuntanza que celebrou este mediodía no Liceo o xurado deste certame, que estivo formado por Mario González, concelleiro de Cultura, Luís Martínez Risco Daviña, en representación da Fundación Vicente Risco, An-

drea Fernández Blanco, tradutora, e María Fernández da Costa, profesora de lingua e literatura galegas, actuando como secretaria a técnica do Servizo de Normalización Lingüística do Concello, Mónica Fernández Valencia.

O certame, que lles rende homenaxe a Vicente Martínez Risco e ao seu fillo Antón Martínez-Risco Fernández, está dotado cun premio de 6.000 euros e a publicación da obra gañadora. Presentáronse 20 traballos a esta edición.

Humor

A necesaria liberdade de expresión

Por Francisco Puñal Suárez

O dogmatismo, a intolerancia, o criterio único, a adoración cega, as ditaduras de todo tipo, vólense da represión e da censura para coartar a liberdade de pensamento, para descualificar a quen opina diferente e frear así a liberdade de expresión.

O humor, destrutor de estereotipos, exercitador da mente, capaz de sinalar sorprendentemente as incongruencias, explorar as desviacións, cun ángulo de visión desordenado e proteico, co seu carácter de inventiva e a súa imperiosa necesidade, sofre hoxe, aínda que pareza increíble, novos castigos, e moitos dos seus representantes son represaliados e despedidos do seu traballo, no mellor dos casos.

O humor, como categoría estética mobilizadora, non pode ter voceira porque deixa de ser esa ferramenta de alerta que precisa a sociedade.

Un ano máis, a Universidade de Alacante, España, coa colaboración da Federación de Caricaturistas Españóis (FECO), nunha nova convocatoria de Humor Social, centrouse neste tema de máximo interese e actualidade: a liberdade de expresión, cunha ampla exposición e a edición dun catálogo coas caricaturas que participan neste evento.

Con agudeza e enxeño, os 53 debuxantes que contribuíron a esta mostra, fannos recapacitar sobre a loita que existe entre a necesidade de expresar e o medo ou castigo por facelo.

“Hai moitas persoas -expresa Manuel Palomar, rector da Universidade de Alacante- en todo o mundo que foron encarceradas ou asasinadas por dicir simplemente o que pensan, ou que temen ser represaliados por expresar a súa opinión. En Occidente, ademais, onde pensabamos que a liberdade de expresión era un dereito xa consolidado, os acontecementos que se están a dar ultimamente póneno en dúbida. E todo iso ocorre, de forma aparentemente paradoxal, en plena era da sociedade da información”.

“A liberdade de expresión -di Juli Sanchis Aguado, Harca, Vicepresidente de FECO España- é un dereito consubstancial coa democracia, diría máis, é o termómetro que nos indica o nivel de democracia que temos. Hoxe a liberdade de expresión está en claro retroceso”.

“A indignación que nos provoca a inxustiza -engade-, a corrupción, a opresión, a hipocrisía e o abuso de poder empúxannos a rebelarnos. A liberdade de expresión é a arma que conquistou o pobo como un dereito inalienable ante a impotencia de influír en situacións inxustas, é o bisturí que abre o absceso para desinfectarlo”.

“Pódese dicir todo? -advirte Sanchis- Non. O límite podería estar en que a acción incite real-

mente á violencia, separadamente disto, as persoas habemos de ser libres para expresar por todos os medios ao noso alcance o que pensamos”.



El Whoper




Enrique Pérez



Kap



Martirena



Xaquín Marín



Sebas



Ermengol



Harca

MARTIRENA



Arrimadas, a heroína de Cidadáns



O Psoe escribe o epitafio de Susana Díaz



Miña amiga Bety, a impunidade, a guerra e os Mossos



Hong Kong convertido nun campo de batalla




O monstroito



VOX dinamita o consenso das institucións contra a violencia de xénero



Impeachment televisado



Sigan o exemplo coa fronte ben alta



El Gran Wyoming: VOX é unha escisión do P.P.



Evo Morales



Familias con nenos fronte ao Samur Social de Madrid

Seguimos ofrecéndoos información interesante na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLANTICO

PERIÓDICO DE NOTICIAS E OPINIÓN

Galicia

Redacción OURENSE

Carlos Ares Pérez, premio Vicente Risco de Ciencias Sociais

Carlos Xabier Ares Pérez, investigador social de Viana do Bolo, recibiu o XXIII Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais o sábado 16 de novembro no salón nobre do Castelo de Castro Caldelas. “Para min este premio é un orgullo”, comentaba ao inicio do seu discurso, cun gran capítulo de agradecementos para as entidades convocantes do galardón. Referiuse á Fundación Carlos Casares, á Sociedade Antropolóxica Galega, ó Concello de Viana do Bolo (representado no acto pola súa edil de Cultura, Graciela Diéguez), á comunidade educativa do IES Carlos Casares de Viana, ó xornal O SIL, a todos os seus informantes e, de xeito especial, á súa familia, que o acompañaba nesta entrega, e a cuxos membros nomeaba un a un, cunha mención en particular para o seu pai falecido. “Sen este equipo gañador sería imposible que eu puidera facer todo isto”, resaltaba.

Deseguido, centrábase no obxecto do traballo ganador: as festas de inverno, incidindo no seu forte arraigo entre a xente dos lugares onde se celebran, comentando como “se foron transmitindo de xeración en xeración. As festas de inverno son da xente e é coa xente con quen hai que falar



Na foto de Carlos G. Hervella, Carlos Ares no medio das alcaldesas.

delas, e aí cando se descubre o que significan para esas persoas”, comentou.

Estudo

O autor achégase a este tipo de festas no 60% dos concellos da provincia, cun alcance de 150 núcleos de poboación. No seu estudo percorre as orixes, características e desenvolvemento das celebracións de Nadal; festas ígneas (como os fachós de Castro Caldelas e os de Oimbra); romarías como a do San Antón e o ciclo do Entroido. Inclúe ademais un catálogo de máscaras, personaxes e rituais por cada concello, tocando ademais a perda deste valioso patrimonio e a súa recuperación.

“O autor, a partir dun extenso traballo de campo, realiza unha catalogación dos personaxes e das figuras do Entroido e das festas de inverno ourensás. O traballo poderá ser moi interesante para un coñecemento público das figuras que protago-

nizan estas festividades”, tal e como se reflexaba na acta do xurado do premio, que lía un dos seus membros, Manuel Carrete, antes da intervención do autor galardoado, que finalizaba o seu discurso citando a Vicente Risco e manifestando que “agardo que a miña obra sexa un elo máis nesa cadea que divulga a tradición galega, aí tedes o traballo, agora deixa de ser de todo meu, pasa a ser voso, agardo que o disfrutedes”.

Tamén tomaron a palabra as alcaldesas de Castro Caldelas e de Allariz, Sara Inés Vega Núñez e Cristina Cid, respectivamente, o presidente da Fundación Vicente Risco, Luis Martínez-Risco. Falaron tamén o deputado provincial Miguel Cid e Manuel Luís Tibério, presidente da Escola de Ciéncias Humanas e Sociais (ECHS) da UTAD. No seu decurso actuaba María do Ceo. A entrega finalizaba coa sinatura dos libros, xa editados (por D. Alveiros), deste traballo.

Preparase o centenario da Xeración Nós



Xuntanza plenaria para coordinar as actividades.

Un xunta plenaria está a coordinar as actividades que se celebrarán para conmemorar o centenario da Xeración Nós, no ano 2020, e na que tamén participan representantes de diversas administracións e entidades culturais galegas.

Manuel Baltar destacou a “máxima disposición” da Deputación de Ourense para colaborar “neses dous grandes proxectos que terán un importante protagonismo en Ourense”, e ao redor destas dúas grandes iniciativas, xurdirán outras novas para conmemorar este momento tan importante, “os cen anos da aparición da Revista, dunha xeración que alumeou o pensamento político galeguista”, engadiu o presidente do goberno provincial.

No encontro celebrado en Ourense, os representantes institucionais avanzaron na planificación do programa de actividades previsto para conmemorar esta efeméride entre as que se atopa a organización dunha gran e ampla exposición sobre a Xeración Nós que se inaugurará no ano 2020, na Cidade da Cultura. Esta mostra terá ademais unha itinerancia completa en Ourense.

Outra das actividades que se celebrarán con motivo desta homenaxe será un congreso internacional sobre a cultura galega. Unha cita que a Xunta de Galicia propón que se celebre en Ourense e que servirá para actualizar o legado da Xeración Nós e reflexionar sobre os principais retos e desafíos que terá que afrontar a cultura galega nos vindeiros anos.

FUCO PRADO



As cinsas mortais de Rodolfo Prada repousan no cemiterio de Casdavi

O cemiterio de Casdavi, nos Peares, acolleu o enterro das cinsas mortais do insigne ourensán Rodolfo Prada e da súa esposa Manuela Fraga, nun acto cívico-relixioso organizado pola Deputación de Ourense para dar cumprimento da súa vontade: “Descansar na paz de Deus na terra na que nacín, cando Galiza recupere a democracia, arrebatada pola forza da barbarie, e acade o autogoberno do que é merecente como pobo con identidade propia”.

No acto participou o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar; a neta do intelectual, María Elena Prada Allende, quen viaxou expresamente desde Santiago de Chile para asistir en representación da familia; Luís González Tosar, escritor e biógrafo de Rodolfo Prada; xunto con outras autoridades e representantes das Fundacións de persoeiros do galeguismo e de institucións culturais.

A Deputación de Ourense e nomeadamente o seu presidente, Manuel Baltar, vén traballando desde o ano 2016 no rescate da obra e do pensamento de Rodolfo Prada. Resultado deste compromiso e da estreita colaboración pola súa parte, Luís González Tosar, quen dixo que Rodolfo Prada “estivo en todo, foi o ourensán que mellor entendeu Galicia desde América”, fixo un repaso pola vida do intelectual afirmando que “a biografía de Rodolfo Prada coincide coa historia política do galeguismo desde a emigración en Bos Aires. Empezou sendo agrario, dos de Basilio Álvarez, estivo en Acción Gallega. En 1918 pasou ás Irmandades da Fala.

ser un facho de luz que nos guíe e ilumine”, dixo o presidente da Deputación de Ourense. “Hoxe cómprese a vontade dun home bo e xeneroso, dun galeguista cabal e dialogante que defendeu os seus ideais con convicción, lonxe de sectarismos e intransixencias, dun católico que teimou na necesidade dunha Igrexa que falase na lingua do pobo e que atendesese á realidade do país. Por elo, hoxe cumprimos unha débeda”, sinalou o presidente do goberno provincial. Manuel Baltar anunciou unha importante achega do biógrafo de Rodolfo Prada, en colaboración coa documentalista da Biblioteca Provincial, Ángeles Fernández Pérez, “a edición de corenta cartas e outros documentos de Alfonso Rodríguez Castelao dirixidos a Rodolfo Prada, que publicaremos na Colección As Burgas, herdeira daquela outra na que Prada e os emigrados ourensáns deron ó prelo o Sempre en Galiza de Castelao, o 25 de xullo de 1944”. Así mesmo, o presidente da Deputación de Ourense dixo que “proxectamos o “Centro de Interpretación do Galeguismo” no predio onde estaba a casa onde naceu Rodolfo”.

Manuel Baltar anunciou unha importante achega do biógrafo de Rodolfo Prada, en colaboración coa documentalista da Biblioteca Provincial, Ángeles Fernández Pérez, “a edición de corenta cartas e outros documentos de Alfonso Rodríguez Castelao dirixidos a Rodolfo Prada, que publicaremos na Colección As Burgas, herdeira daquela outra na que Prada e os emigrados ourensáns deron ó prelo o Sempre en Galiza de Castelao, o 25 de xullo de 1944”. Así mesmo, o presidente da Deputación de Ourense dixo que “proxectamos o “Centro de Interpretación do Galeguismo” no predio onde estaba a casa onde naceu Rodolfo”.

Pola súa parte, Luís González Tosar, quen dixo que Rodolfo Prada “estivo en todo, foi o ourensán que mellor entendeu Galicia desde América”, fixo un repaso pola vida do intelectual afirmando que “a biografía de Rodolfo Prada coincide coa historia política do galeguismo desde a emigración en Bos Aires. Empezou sendo agrario, dos de Basilio Álvarez, estivo en Acción Gallega. En 1918 pasou ás Irmandades da Fala.

E así foi evolucionando, da ORNG á Irmandade Galega (PG)”. O escritor e biógrafo de Rodolfo Prada lembrou que o pearense foi “presidente e motor principal da Organización Republicana Nacionalista Galega e, coa chegada de Castelao a Bos Aires, converteuse no home máis fiel e leal ao rianxeiro”. Así mesmo, engadiu Tosar, “Rodolfo Prada viaxou por toda América, nos anos 40, para organizar a Irmandade Galega e para afianzar o Consello de Galiza e o pacto GALEUZCA”.

María Elena Prada agradeceu á Deputación de Ourense, en nome da súa familia, que fixera posible que desde hoxe o seu avó “descanse en paz, na súa terra”. O acompañamento musical durante o acto correu a cargo da Coral de Ruada que interpretou a peza “Negra Sombra” de Rosalía de Castro, ademais dos Himnos de Ourense e de Galicia.

Sepultura
No proceso de realización e concepción da sepultura buscou o simbolismo, dada a estreita e fraterna relación de Prada con Otero Pedrayo e Castelao. Por elo, para a elaboración da sepultura uti-



Luís González Tosar portando as cinsas de Rodolfo Prada.

lizouse pedra da canteira de Trasalba, moi citado por Otero Pedrayo en diversas obras. A parte frontal, unha cruz inscrita nun círculo con motivos ornamentais románicos, está tirada do tímpano da porta principal da Igrexa de San Pedro de Trasalba (Amoeiro).

Castelao incluíu na súa monumental obra “As cruces de pedra na Galiza”, editada por Rodolfo Prada e Luís Seoane, un debuxo desta cruz do século XIII, feito nunha das súas visitas á casa grande de Otero Pedrayo, en Cima-devila. Na lápida aparece o seguinte texto: “Os Peares, 3 de novembro de 2019. A Deputación de Ourense, atendendo a solicitude da familia Prada-Allende, trasladou desde o Panteón do Centro Galego de Bos Aires as cinsas mortais do patriota galego Rodolfo Prada, ourensán exemplar, e as da súa dona, Manuela Fraga, dando así cumprimento á súa vontade: “Descansar na paz de Deus na terra na que nacín, cando Galiza recupere a democracia, arrebatada pola forza da barbarie, e acade o autogoberno do que é merecente como pobo con identidade propia”.

Ignace Michiels, organista de nacionalidade belga que desempeña habitualmente a súa actividade na Catedral de Bruxas, ofreceu un concerto de órgano na igrexa de Fátima. Interpretou pezas de Bach, Mendelsohn, Ralph Driffil e Hollins, entre outros compositores.

Reunión da Interreg en Porto.



Reunión da Interreg en Porto.

O Centro de Congressos da Alfândega de Porto (Portugal) foi escenario da reunión do “Interreg Atlantic Area Annual Event”. Alí, o tenente de alcalde de Ourense e concelleiro de Medio Ambiente, Jorge Pumar, con técnicos municipais presentaron o proxecto europeo Geoatlantic, liderado desde o Concello de Ourense e no que participan 12 socios de cinco países do Espazo Atlántico. Geoatlantic é o primeiro proxecto deste programa auspiciado pola UE que aposta pola xeotermia como enerxía final de uso público e privado e polo seu achegamento á sociedade.

Ignace Michiels ofreceu un concerto en Fátima



Ignace Michiels, organista de nacionalidade belga que desempeña habitualmente a súa actividade na Catedral de Bruxas, ofreceu un concerto de órgano na igrexa de Fátima. Interpretou pezas de Bach, Mendelsohn, Ralph Driffil e Hollins, entre outros compositores.

A ourensá María Villarino López gaña o XVI Premio "Pura e Dora Vázquez" de Ilustración

A ilustradora ourensá María Villarino López (Ourense, 1975) foi a gañadora do XVI premio de literatura infantil e xuvenil "Pura e Dora Vázquez" na modalidade de Ilustración, dotado con 1.500 euros, que convoca a Deputación de Ourense. O xurado destacou das ilustracións gañadoras que "invitan ao pensamento e á reflexión e teñen un compoñente de misterio e imaxinación moi interesante". Así mesmo, o xurado sinalou que as ilustracións premiadas "se adaptan moi ben ao texto, sendo imaxes creativas cunha



O xurado reunido no centro cultural Marcos Valcarcel.

técnica pictórica moi depurada que demostra un bo coñecemento da historia da arte".

Os traballos presentados foron obras inéditas e orixinais

baseadas no texto gañador do premio de narración desta edición do escritor Rafa Vilar, titulado Os outros oficios. O xurado estivo presidido pola de-

putada provincial de Cultura, Patricia Torres, e integrado como vogais por Carlos Rodríguez e Xan Xosé Rodríguez, actuando como secretaria a xefa da sección de Arquivo e Publicacións, Ana Malingre.

María Villarino López naceu en Ourense no ano 1975. A galardoada é profesora de Ensino Secundario, é ilustradora e coautora do proxecto didáctico de Os Barballoca 2006-2008. Tamén foi finalista do Certame Internacional Fronteira de Papel, da concellería de Xuventude e Deportes do Concello de Sevilla, no ano 2010.

Ademais, María Villarino López tamén foi a gañadora do XV Premio "Pura e Dora Vázquez" de Ilustración.

O premio "Pura e Dora Vázquez" ten como obxectivo fomentar a lectura no público máis novo e á vez recoñecer o traballo de autores literarios e artísticos, unindo na obra premiada estas dúas disciplinas creativas. O libro incluirá o texto gañador e as ilustracións galardoadas polo xurado, e empregárase como elemento de difusión e divulgación en campañas de animación á lectura.

Viaxe ao pasado con Antiq Auria

Antiq Auria, a Feira Internacional de Antigüidades, reuniu a 45 expositores de España e Portugal en Expourense. Foi unha feira organizada de forma conxunta entre o recinto feiral e a Asociación "Memoria Antiga" de Ourense. Unha viaxe ao pasado, desde o máis afastado (século XVIII e XIX) ata os anos 1980 e 1990. Expuxéronse miles de obxectos, de pequeno e gran formato, como un proxector de cinema dos anos 40 ata unha máquina de pinball de 1973 que funciona con francos e da que só se fabricaron 800 unidades en todo o mundo, ou vestidos de noiva dos anos 70 por 150 euros.

Os expositores indicaron que a oferta de pezas nesta edición é "para todos os petos, para que o público poida atopar sempre algo que lle encaixe teña o orzamento que teña", explica Marta Gárate que chega á feira desde Xixón. Antiq Auria, que conta cun alto índice de fidelidade por parte dos expositores, volveu



José Antonio Ferreiro, de Antigüidades Urbano.

a converterse en punto de encontro de nostálxicos presentando obxectos únicos e cheos de historia divididos en tres sectores: antigüidades, coleccionismo e vintage. No referente ás antigüidades propiamente ditas (obxecto con máis de 50 anos) como xoguetes, teléfonos, reloxos, mobles, xoias, utensilios de prata, porcelanas, etc.

Na sección de coleccionismo había numismática, filatelia, obxectos militares e relixiosos. Aínda que as pezas vintage seguen tendo tirón, os expositores de Antiq Auria indican que a tendencia actual son o

mobiliario e os accesorios "industriais", aquelas pezas que podían atoparse facilmente en calquera fábrica de principios do século XX. Bancos de carpinteiro, lámpadas, taburetes de ferraxería, ferramentas, andeis, aparadores, e ata unha roda de afiador.

En "Memoria Antiga", liderada por José Antonio Ferreiro, de Antigüidades Urbano, e por Gerardo Román, de Antigüidades A Quinta, destacan ademais que o mercado de antigüidades en Ourense é todo un referente nacional pola súa calidade e variedade e que hai moita tradición entre a cidadanía.

IX Premios "Líderes en Calidade"



Premio para Cafés Lisboa.

Calidade 4.0 foi o lema do Día Mundial da Calidade 2019 que se celebrou o 7 de novembro e que. Expourense conmemorou organizando unha xornada de exaltación e entregando os IX Premios "Líderes en Calidade" a empresas e institucións galegas recoñecidas por ser un modelo a seguir nos seus respectivos sectores e das que destaca o seu compromiso coa calidade e co medio natural.

Ten como ten como obxectivo sensibilizar tanto a empresas privadas como a

entidades públicas da necesidade de incorporar aos seus modelos de xestión as directrices da calidade e do medio ambiente, co fin de prestar servizos eficientes e acadar a satisfacción do cliente. Deste xeito, potenciábase a existencia de empresas e administracións competitivas nun escenario globalizado.

Cafés Lisboa, o Servizo de CardioloXía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Grupo Cuevas, Fundación Paideia, Grupo ALUDEC e ASPANAE foron as entidades recoñecidas este ano.

Axencias internacionais especializadas no Camiño de Santiago coñeceron a Vía da Prata

Representantes de quince axencias de viaxes especializadas no Camiño de Santiago participaron nas Xornadas de Sustentabilidade no Camiño de Santiago – Vía da Prata, que organizou Expourense dentro do programa “O Teu Xacobeo” impulsado pola Xunta de Galicia.

As xornadas incluíron distintas experiencias baseadas na natureza, o patrimonio e enogastronomía que contribuírán á divulgación dos atractivos naturais, patrimoniais, etnográficos e gastronómicos da Vía da Prata co obxectivo de incrementar o número de visitantes foráneos nesta rota a través da prescrición de operadores e outros axentes, tanto nacionais como internacionais. A primeira xornada iniciouse no Concello de A Gudiña onde as axencias foron recibidas polo alcalde José María Lago quen os acompañou no seu percorrido por un traxecto da Vía da Prata e lles amosou puntos clave na historia do concello como “A casa da viúva”. No seu papel de “cicerone”

nesta ruta, o alcalde de A Gudiña tamén os acompañou ata o Embalse de Portas e ata o Parque Natural do Invernadeiro e o seu Centro de Interpretación onde continuou a visita.

O destino da primeira tarde das xornadas foi a comarca de Monterrei onde visitaron o castelo e tamén Bodegas Gargalo, pertencentes á Denominación de Orixe Monterrei. A xornada concluíu no claustro dos Mercedarios de Verín coa Conferencia sobre a Sustentabilidade na Vía da Prata na que participou a directora da Axencia Galega de Turismo, Nava Castro; a Asociación de Amigos da Vía da Prata, o comisario da Comisario da exposición “Primeiros contactos de Monterrei co Mediterráneo”, Luis Congil; o touroperador de Portugal Green Travel, Hugo Teixeira; e o especialista en xestión local e rexional de Ecoembes. Cabaleiro da Orde do Camiño de Santiago, Bruno de Llano Gómez-Ulla. Esta mesa estivo moderada pola directora adxunta de Expourense e directora de Comunicación da Orde do Camiño

de Santiago, Emma González. **Mesa redonda**

Durante esta mesa redonda, a directora da Axencia Galega de Turismo, Nava Castro, defendeu as numerosas oportunidades que brinda a Vía da Prata como un itinerario que xera riqueza nas comunidades locais polas que atravesamos e no que a Xunta destina un relevante investimento con tres millóns de euros para mellorar a súa sinalización e acondicionamento e un Plan de Mantemento de 1,6 millóns de euros. Durante a súa intervención salientou a capacidade desta ruta para medrar dun xeito sustentable ao aunar un rico patrimonio, natureza e enogastronomía. A actividade rematou cunha degustación de produtos locais en Verín a cargo da Chef de “Cociña Ourense” do Souto das Candeas, Begoña Vázquez. Entre os produtos que degustados destacou o viño da Denominación de Orixe Monterrei, carne ecolóxica de tenreira de raza autóctona, e pratos elaborados con mel e castañas de empresas locais



Mesa redonda nos Mercedarios de Verín.

da comarca de Monterrei.

A segunda xornada continuou cunha intensa axenda que levou ás axencias a coñecer o casco histórico da capital termal de Ourense con visita ás Burgas, á Praza Maior e á ponte romana. De aquí partiron a San Cristovo de Cea onde realizaron a pé un treito da Vía da Prata. Visitaron un forno tradicional e outro moderno de pan coa IXP Pan de Cea e remataron cunha visita ó Mosteiro de Oseira. A última xornada celebrouse en Expourense coa celebración dun workshop con reunións B2B entre as

axencias que participaron e todas aquelas empresas que ofrecen produtos ou servizos especializados no ámbito da Vía da Prata que se apuntaron a esta actividade.

As axencias que participaron foron: Woman To Santiago; Marly Camino; Slow Travel; Walk The Camino; Follow the Camino; Vivendo Experiencias; Tempo Vip; Portugal Green Travel; Outmore; Portugal Green Tours; Galicia Holiday; Circuitos Galicia; Turis Norte; Ultreya Tours e Tee Travel e proceden de España, Portugal, Irlanda e Reino Unido.

Os veciños de Allariz terán desconto no hotel spa

O Concello de Allariz ven de asinar un acordo con Oca Vila de Allariz Hotel & SPA para favorecer o uso do spa por parte das persoas empadroadas en Allariz. A alcaldesa Cristina Cid xunto coa directora do hotel alaricano, Goretti Iglesias, asinaron un novo convenio que permite dispoñer ás persoas empadroadas en Allariz de prezos especiais no seu servizo de spa. O acordo, que es-

tará en vigor ata o 31 de decembro do próximo ano 2020, facilitará ás persoas empadroadas, que dispoñan de tarxeta de cidadanía, o acceso ao spa a un prezo máis vantaxoso: o acceso ao Circuito Termal de domingo a venres que inclúe piscina activa de chorro, camas de oxixenación, colos de cisne, Jacuzzi, poza fría, saunas e fonte de xeo, aplicando a tarifa reducida: 9,50 euros (exclúense sába-

dos, festivos e mes de agosto) e técnicas termais en cabinas de domingo a venres: 20% desconto sobre o prezo de venda ao público (exclúense sábados, festivos e mes de agosto).

Para poder gozar deste servizo é preciso contactar co Oca Vila de Allariz Hotel & SPA para reservar cita previa (recoméndase, mínimo, 48 horas de antelación) e aportar o carné de cidadanía. O Concello



Sinatura do convenio.

de Allariz, co obxectivo de incrementar a calidade de vida e benestar da cidadanía, desenvolve, dende hai anos, iniciativas referentes á prestación

de servizos á veciñanza contando con instalacións deportivas e sociais así como instalacións comerciais e hostaleiras.

Presentado o libro bilingüe “Onde dá a volta o aire”, de Mila Villanueva

O poemario bilingüe “Donde da la vuelta el aire/ Onde dá a volta o aire” de Mila Villanueva presentouse esta tarde na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia. A obra, publicada por Lastura Edicións, foi Primeiro premio do III Certame Poético Rosalía de Castro, e nela a autora viguesa rende homenaxe aos devanceiros, o fala e a terra onde se criou, lembrando a súa infancia e os personaxes que habitaron nela.

No acto interviñeron ademais da propia autora Mila Villanueva, o coordinador de Actividades da Casa de Galicia Ramón Jiménez, -quen o fixo en nome do delegado da Xunta en Madrid José Ramón Ónega; o xestor cultural e escritor Antonino Nieto; e a editora Lidia López Miguel.

Jiménez comentou nas súas palabras que o libro de Mila Villanueva publicado na colección Alcalima de Poesía conta cun prólogo do escritor José Ángel García Caballero e imaxes do ilustrador Cándido Solaz.

En canto á autora, Mila Villanueva, natural de Vigo aínda que residente en Valencia, é escritora e xestora cultural así como presidenta da Asociación Concilyarte. Explicou que “ademais da obra que hoxe presentamos, publicou outros títulos, participou en revistas e en numerosas antoloxías, mesmo coordinou algunhas, tal e como se apunta na contracuberta do libro que hoxe sae á luz”.

No transcurso da presentación tanto a editora como a autora recitaron unha selección de poemas da obra, Lidia en castelán e a autora en galego.

Lidia López Miguel sinalou que para a editorial Lastura “é unha gran honra poder publicar esta obra e dala a coñecer tamén aos lectores hispanofalantes. Hai un amor común de todos pola cultura e o imaxinario galego que transcende as fronteiras da propia Galicia cara ao resto de España e Latinoamérica”, asegurou. “A obra merecía ser coñecida máis aló e Mila deunos a oportunidade de facelo”, destacou.

Para o escritor e presentador Antonino Nieto, como poeta que é, resumiu o seu sentir con versos: “Contra o esquecemento / contra a morte/ aquilo ao que lle sobra naturalidade: onde o aire se dá a volta: o sobrenatural en carne viva”.

Pola súa banda a poeta e autora da obra Mila Villanueva quixo subliñar “a gran honra



1. De esquerda a derecha el escritor Antonino Nieto, el coordinador de Actos Ramón Jiménez, la autora Mila Villanueva y la editora Lidia López Miguel

que supón o levar o legado de Rosalía polo mundo. O espírito de xustiza e ao mesmo tempo de defensa das nosas raíces e a nosa lingua está hoxe máis vixente que nunca”, asegurou categórica. Non quixo deixar a ocasión se apelar á súa condición de galega, que tanto marca as súas creacións e especialmente o feito de ser emigrante.

“Dicir adeus á terra é dicir adeus a parte da infancia, as raíces, os devanceiros... pero os galegos levámola sempre na alma”, de aí “ese permanente desexo do regreso, de volver tocar as beiras do Atlántico brumoso que nos acompaña para sempre. E por iso somos emigrantes pero dos de retorno”, rematou.

Ana Miranda: “O grupo de memoria histórica da Eurocámara reclama o fin do espolio franquista e a devolución do pazo de Meirás”

A Eurocámara acolleu o 20 novembro, a conferencia “Franquismo post Franco”, organizada polo grupo de Memoria Histórica do Parlamento Europeo co obxectivo de dar a coñecer en Bruxelas a realidade da represión franquista, o espolio da ditadura vixente na actualidade e os pasos que se están dando para rematar coa impunidad. Ao longo da xornada, as integrantes do grupo amosaron o seu compromiso coa loita para rematar co espolio franquista. “Desde o Parlamento Europeo demandamos a devolución do pazo de Meirás e o resto de bens incautados”, subliñou a portavoz do BNG en Europa.

Ana Miranda denunciou que

o franquismo segue “demasiado presente nas institucións, na xustiza, na economía, nos nomes de rúas, distincións e privilexios, nas foxas e no incumprimento da normativa internacional de dereitos humanos”, na que se inclúe a Resolución do Parlamento Europeo sobre o avance do neofascismo aprobada o 25 de outubro de 2018. “Debemos seguir denunciando que o Estado español non cumpre”, salientou.

“A conferencia de hoxe precisamente deunos unha ampla visión de como o franquismo continúa na sociedade despois da morte do ditador até os nosos días”, sinala a portavoz do BNG en Europa, quen salienta que a xornada celebrada hoxe en Bruxelas da unha vi-

sión ademais de como o terror foi utilizado sistematicamente como arma para conseguir o sometemento da cidadanía.

Delegación galega

A delegación galega estivo composta por membros da Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36, como Telmo Comesaña e Antonio Monroy; a neta dunha vítima represaliada, María Lores; representantes da Comuna de presxs e represaliadxs polo franquismo, como Miguel Ángel Gómez, “Gus”, torturado por “Billy el Niño”; os investigadores Carlos Babío e Manuel Monge, así como as avogadas do grupo de Avogados Novos do Colexio de Vigo, Jana Calero e Irene Álvarez.

Ademais de participantes



procedentes de Galiza tamén tomaron a palabra a representante da Asociación das 13 Rosas de Asturias, Laura Díez; a representante da Asociación Todos os Nenos Roubados son tamén meus Nenos. Igualmente interviñeron a representante da Comuna de presxs e represaliadxs do franquismo, Rosa García; o xornalista Juan Miguel Baquero e representante da Asociación da Recuperación da

Memoria Histórica de Aragón, Mercedes Sánchez.

“Oxalá esta fose a última actividade do grupo de Memoria Histórica da Eurocámara, porque iso significaría que coñecemos a verdade e teríamos xustiza e reparación para todas as vítimas. Mais lamentablemente sabemos que teremos que seguir loitando para que os nosos obxectivos se cumpran”, conclúe Ana Miranda.